

Lingua e poder político na Galiza e en Portugal durante a Baixa Idade Media

Xosé Ramón Freixeiro Mato
Universidade da Coruña

1. Introducción

Da evidente relación entre lingua e poder político xa nos deixou constancia Nebrija (1980: 97) no seu famoso prólogo de 1492 en que afirmaba que sempre a lingua fora compañeira do imperio, ou inclusive uns poucos anos antes Micer Gonzalo García de Santa María ao afirmar case coas mesmas palabras que “la fabla comunmente, más que todas las otras cosas, sigue al imperio” (Pensado 1982: 86-87). A historia da Galiza deixa en claro que os procesos de substitución da lingua propia por outra foránea non son consecuencia da libre vontade das persoas, sen interferencia do poder político e sen se producir ningún tipo de conflito lingüístico. Todo o contrario: só unha intervención política foránea pode explicar o inicio dun proceso conducente ao deslocamento do idioma autóctone por outro. Ora, desde o poder político dominante só se recoñecerá a existencia dun conflito se as persoas que falan linguas minorizadas pretenderen exercer plenamente os seus dereitos lingüísticos. Entón si que se falará non só de conflito, mais tamén de imposición, de intolerancia e mesmo de atentado contra a liberdade. Por iso Ninyoles (2005: 27) comeza a súa obra *Idioma e poder social* con estas palabras:

O uso de dúas linguas nunha sociedade implica un conflito que só pode ser enunciado e resolvido afrontando os problemas sociais, económicos e políticos

que implican a súa estrutura. Calquera estudo dirixido neste senso terá que explicar o papel que exercen as clases superiores na evolución sociolingüística e, nun plano xeral, a serie de presións sociais e institucionais baixo as que o desenvolvemento do idioma dominado estivo particularmente comprometido. A análise deste mecanismo constitúe, sen dúbida, a condición previa a calquera tentativa de normalización cultural.

De que o galego, e tamén a cultura galega, foi unha lingua dominada acho que non hai ningunha dúbida. É por isto que a normalización cultural e lingüística da Galiza non se pode lograr ignorándonos a xénese e o percurso histórico de tal dominio. Eis, pois, a necesidade e a oportunidade de voltarmos a ollada para o pasado: xustamente para darmos cos argumentos e coas estratexias para construírmos e afortalarmos o futuro da lingua e da cultura galegas.

A historia das linguas é inseparábel da historia dos pobos que as crearon e que as falan. E isto é tamén válido para o galego, cuxa fortuna histórica non se pode disociar da seguida polo pobo que a foi modulando e que a empregou durante séculos como vehículo normal de expresión e de recreación artística. O historiador Emilio González López (1978) utilizou dúas palabras, 'grandeza' e 'decadencia', para sintetizar nun título a historia do reino da Galiza; e esas dúas palabras serven para sintetizar dalgún modo tamén a historia da lingua galega. A 'grandeza', con todos os matices necesarios, podémola estender neste caso até finais do período medieval e a 'decadencia' infelizmente prolóngase desde os primordios da Idade Moderna até hoxe, tamén con algunhas particularidades, entre as que non se pode ocultar a gravidade da situación actual.

En xeral, a lingua galega foi 'grande' —isto é, foi lingua normal da sociedade galega, con prestixio e proxección exterior— en canto a Galiza tivo poder político propio e o exerceu como reino hexemónico dentro da Hispania cristiá —até o século XIII—, sen submisións nin dependencia exterior; continuouno a ser aínda durante un tempo —século XIV e boa parte do XV— a pesar da progresiva perda de autonomía face a Castela a partir de 1230 e da lenta e progresiva penetración do castelán na Galiza; e entrou en decadencia en finais da Idade Media, cando a Galiza é colonizada definitivamente por Castela —“doma e castración”— no reinado dos Reis Católicos. En síntese, 700 anos de normalidade face a 500 de conflito lingüístico.

De lingua de reis e vasalos, de lingua cortesá e lingua en que se educaban os propios príncipes de Castela, e de lingua lírica peninsular por excelencia, pasa a se converter en lingua 'groseira' e 'áspera' xa en finais do XV, en expresión de Micer Gonzalo García de Santa María (Pensado 1982: 87). Por que? Porque aquela Galiza dona dos seus propios destinos que era nome xenérico da Hespaña cristiá, ao paso que Hispania designaba a Mouraría, en expresión de Carolina Michaëlis (1904: 791), enalzada na poesía épica dos xermanos, nas sagas escandinavas, nos cantares de xesta, na historiografía flamenga ou árabe etc., pasa a se converter en "Reino infeliz, país desventurado,/ de España muladar, rincón del mundo" (Castelao 1961: 239), segundo recolle un poema anónimo castelán do século XVI. Cando a Galiza perdeu todo o poder político e se converteu nunha colonia de Castela case tan remota como as colonias de ultramar (Vázquez Cuesta 1980: 706), a lingua galega perdeu tamén todo o seu prestixio anterior e a súa normalidade social, embora continuase a ser a lingua falada pola inmensa maioría da población.

Foi a falta de poder político da Galiza a que conduciu ao desprestixio e menosprezo do galego, a se iniciar así un proceso de substitución lingüística que dura xa uns 500 anos, con perda constante de falantes, acelerada nos últimos tempos. Como se pode deter o proceso? A historia parece dicirnos e ensinar nos que é con poder ou peso político propio como se pode recuperar o prestixio social do idioma. A sociolingüística actual usa un anglicismo moito significativo para a recuperación das linguas minorizadas: 'empoderamento' (*empowerment*), isto é, achegamento de poder social ou prestixio ao idioma dominado. Así o sinala Anxo Lorenzo (2008: 28): o elemento que debe estar na base da recuperación do galego é o afortalamiento do seu prestixio social e dos grupos sociais galegófonos, isto é, avanzar no 'empoderamento' da lingua galega, pois unha lingua socialmente prestixiada "mobilizará conciencias, esforzos e investimentos individuais", en canto a ausencia de prestixio lingüístico contribúe para a desmotivación tanto da aprendizaxe como do uso. A pregunta é se os poderes públicos e a sociedade galega no seu conxunto teñen vontade de 'empoderaren' o galego. O que está claro é que as medidas que en materia lingüística comezou a tomar o goberno galego saído das urnas en marzo de 2009 non contribúen nada para ese obxectivo.

Mais voltemos á época medieval. Resulta evidente que desde instancias de poder político e académico se pretendeu ocultar a propia existencia do reino da Galiza —e por tanto tamén de reis e cortes galegas— e se tentou presentar a

lingua galega como unha lingua sempre envolta en problemas e sen capacidade para desempeñar funcións socialmente consideradas relevantes, como se dunha lingua *ex initio* eivada se tratase. Face á ocultación ou negación da Galiza medieval e da dignidade da súa lingua, construíuse un ideal castelanista con base precisamente, entre outros factores, na apropiación ou usurpación daquilo que levaba o selo galego para, “facendo unha lectura presentista do papel histórico de Castela”, dar por feito que “na Idade Media xa existía España na súa forma contemporánea” (Nogueira 2001: 22). Non deixa de ser paradoxal que cando hoxe se pretende restituír a verdade dos feitos históricos e se proclama que o reino medieval da Galiza existiu, e mesmo que foi relevante, e que a lingua galega foi unha lingua ‘normal’ durante séculos, deseguida se lanzan acusacións de anacronismos históricos e de visións reduccionistas e excluíntes. Como se os grandes estados tiveren dereito a moldearen a historia a seu favor, mesmo a falseárena, en canto ás comunidades políticas e lingüísticas que os integran lles é negado o dereito a proclamaren a súa existencia e o seu papel na historia. Cando se nega a existencia do reino da Galiza en determinada altura, non é para dicir que nese territorio non había unha autoridade rexia. Dise que se trata do reino de Asturias, de León ou de Castela, aínda que para iso haxa que falsificar a documentación histórica; e cando se afirma que o galego perdeu o carácter de lingua de cultura xa no século XIII é para acrecentar que foi a lingua castelá a que se converteu na variante romance de prestixio en territorio galego. A conclusión é clara: se antes non se escribía en romance, pois o latín era a lingua da escrita no Occidente europeo, e se nese século o castelán xa pasa a ser a lingua A da Galiza, entón o galego foi sempre unha lingua B, primeiro subordinada ao latín e logo ao castelán. Por tanto, o galego nunca foi unha lingua culta, nin de prestixio, nin tivo funcionalidade social relevante.

Face a esa visión distorsionadora da historia da Galiza e da súa lingua, vaíamos aos feitos documentados. A Gallaccia foi durante séculos o reino cristián alternativo da Hispania musulmá, así recoñecido polos árabes e polo papado, e con grande presenza en Europa. A pesar de na historiografía oficial española o reino da Galiza practicamente non existir ou simplemente figurar como subsidiario dos reinos de Asturias, León ou Castela, na documentación medieval aparece constantemente citado, outorgándosele grande relevancia. Darnos testemuños disto Carolina Michaëlis (1904), Colin Smith (1996), Miguel-Anxo

Murado (2008), Camilo Nogueira (2001) ou Anselmo López Carreira (2005), entre outros investigadores e estudiosos.

2. O galego como lingua cortesá dos reinos da Galiza, Portugal e Castela

Os reinos medievais non teñen correspondencia coas nacións actuais e por tanto naquela altura non se lles atribuíu ás linguas a capacidade simbólica de as representaren nin existía o concepto de 'lingua oficial' (Fernández 1998: 29). Porén, é evidente que os reinos existían, que tiñan un nome e que nos seus territorios respectivos se falaban unha ou varias linguas, coincidentes ou non coas que falaban os seus reis respectivos; e tamén resulta evidente que, sen existir esa declaración de oficialidade para as linguas, as funcións que hoxe entendemos como propias dunha lingua oficial —aquela en que se redixían os documentos de compravenda ou aluguer, as actas de casamento, os oficios, ordenanzas e mandamentos dos concellos, os regulamentos de gremios e confrarías, as actas sinodais, as demandas e preitos, ou calquera outro documento de carácter privado ou público— se realizaban nunha lingua determinada e non noutra, e que iso algo quererá dicir. Neste sentido, convén subliñarmos que o reino da Galiza existiu co seu propio nome e que como tal é citado na documentación da altura, ben estea esta en latín, en árabe, en inglés ou en francés. A lingua galega aparece igualmente na escrita desde o pimeiro momento en que os romances substitúen o latín nese ámbito e temos tamén testemuños e evidencias que deixan en claro que foi primeiro a lingua cortesá do reino da Galiza e logo tamén dos reinos de León, Castela e Portugal cando estes se constituíron como tales.

O reino da Galiza, con capital en diferentes cidades do territorio da Gallaecia histórica, ten como lingua o galego, romance falado na corte de Afonso VI —rei de León e Castela, mais tamén da Galiza— e polo propio monarca en comezos do século XII, segundo testemuño do historiador e bispo Prudencio Sandoval (Risco 1973: 8). E aínda no século XIII era falado polos reis casteláns Fernando III e polo seu fillo Afonso X, como veremos a seguir. O galego é, pois, lingua da corte na Galiza, en León e en Castela. Mais tamén no reino de Portugal, que xorde como consecuencia dunha división do reino da Galiza no século XII e que, por tanto, non pode ter máis lingua que a galega, con esta propia denominación. Como afirma o filólogo brasileiro Francisco da Silveira Bueno (1958: 57), nos séculos que precederan a fundación do Condado Portucalense

“não nos é lícito falar de Portugal, e, portanto, do português como idioma de nacionalidade” porque “não se pode falar em língua portuguesa quando Portugal ainda não existe”. Acrescenta máis adiante este investigador que o “Condado Portucalense, embora tivesse o seu monarca próprio, Henrique de Borbonha (*sic*), continuava a fazer parte da Galiza” e que cando Afonso Henriques pasou a usar o título de rei de Portugal após vencer na batalla de Ouriques en 1139, recoñecido polo Papa Alexandre III en 1179, ficou constituído o novo reino, mais “continuava, porém, a unidade lingüística a ser a mesma com Galiza. É o grande traço de unión entre as duas partes” (Bueno 1958: 63).

Inclusive no século XIII, como dicíamos, o galego debía ser con seguranza a lingua familiar de Fernando III e do seu fillo Afonso X, como demostra o dominio que este último posuía dela na súa obra escrita persoal. A vinculación de ambos coa Galiza fica clara, pois inclusive dunha das cantigas de Santa María deduce Eugenio López-Aydillo (1923: 44-46) “que don Fernando se criaba también en el reino de Galicia, de donde, en el momento a que se refiere la cántiga, lo hizo venir D. Alfonso VIII”; os versos a que se refire son os seguintes: *Este menyn en Castela/ con rey Don Alffonso eral seu avoó, que do reinol de Galiza o fezeral uijr, e que o amaua a gran marauila fera*. Acrescenta o erudito que a estadía de D. Fernando na Galiza durante a súa infancia é un dato importante para explicar

la difusión y esplendor (*sic*) que durante su reinado alcanzó la poesía trovadoresca gallego-portuguesa fuera de Galicia y Portugal, y aun acaso también, en la crianza de D. Fernando en el primero de aquellos reinos, está la raíz de la iniciación galiciana de su primogénito D. Alfonso, gran propulsor de la escuela gallego-portuguesa.

D. Fernando, criado en Galicia, repitió, como veremos, el caso con su hijo y éste, como su padre, es indudable que en la propia Galicia aprendió el gallego y sus rimas y cantos característicos, que luego habían de resurgir floridamente en el precioso Cancionero Marial. (López-Aydillo 1923: 46).

Só se pode explicar que os príncipes de Castela fosen educados na Galiza e en galego por este ser na altura unha lingua con prestixio político e cultural. Este

mesmo estudioso suxire con acerto que a “maestría con que el Rey Sabio maneja las formas populares de la poética gallega y la pureza del language y de los ritmos musicales que emplea” só se poden explicar desde a súa condición de galegofalante adquirida na propia Galiza, como acontecera con seu pai Fernando III o Santo (López-Aydillo 1923: 60). O galego era aínda no século XIII a lingua das cortes cristiás peninsulares e lingua de cultura por excelencia por ser a que vehiculizaba a expresión lírica, alén de ser Compostela a verdadeira capital cultural da península (Nogueira 2001: 239). No reinado de Sancho IV, fillo e sucesor de Afonso X como rei de Castela no período 1284-1295, un dos seus fidei xurados, o abade valisoletano Don Gómez García, rubrica unha cantiga de amigo e outra de amor en galego da súa autoría como “abbade de Valladolid” con algunha referencia ao propio rei (López Aydillo 1923: 119). E a un bisneto do Rei Sabio, o tamén rei de Castela Alfonso XI (1311-1350), aínda se lle atribúe unha cantiga de amor en galego e é autor doutra canción en castelán chea de galeguismos, o que vén a demostrar que ben avanzado o século XIV e mesmo durante o XV o galego, a pesar da decadencia da escola lírica galego-portuguesa, aínda continuaba a ser lingua lírica cortesá e lingua non estraña para os reis de Castela e para a nobreza peninsular; nesa altura o castelán só comezaba a despuntar na lírica:

El primer testimonio en castellano, aunque indeleblemente impregnado de galleguismos como toda la lírica del *Cancionero de Baena* en esta lengua, lo debemos a Alfonso XI, cuya canción *En un tiempo cogí flores* podemos datar hacia 1330; pero en una fecha tan tardía como 1400-1410 aún podemos encontrar a un noble vasco, Pero Vélez de Guevara, de padre guipuzcoano y madre castellana, componiendo una magnífica *cantiga de escarnho* con un excelente conocimiento del gallego y de sus convenciones retóricas, genéricas y métricas. (Beltran 2005: 334).

Tamén Gómez Moreno (1990: 137), na súa edición crítica do *Prohemio e carta* do Marqués de Santillana, fai referencia aos primordios da lírica castelá a propósito do poeta Iohan de la Çerda, nobre do século XIV que cita o marqués e do cal o editor deste dubida canto ao feito de ter escrito en castelán:

El primer poeta presentado a continuación tiene para nosotros un especial interés por cuanto Juan de la Cerda, noble de la primera mitad del siglo XIV de conocida fama, no aparece en ninguno de los cancioneros conservados; de ser cierta la referencia de don Íñigo, se trataría del caso más temprano de poeta lírico [...] en lengua castellana, si es que Juan de la Cerda no se sirvió del gallego-portugués. ¿Conocía don Íñigo su obra? De ser así, ¿lo colocaría en la sección castellana, por ser de dicha tierra, aunque hubiese escrito en gallego-portugués? Resulta imposible responder de uno u otro modo.

En resumo, o galego foi a lingua do reino da Galiza, e por tanto lingua cortesá, durante os séculos da Alta Idade Media en que se pode considerar formado un romance hispano occidental diferenciado do latín e tamén durante a Baixa Idade Media foi a lingua normal do reino, embora xa dependente este da monarquía castelá. Foi con certeza tamén a lingua do reino de Portugal, e da súa corte, cando este se constituíu no século XII. E foino igualmente até a Baixa Idade Media nas cortes dos reinos de León e Castela, onde aínda non debía soar estraño durante o século XIV e principios do XV.

3. Esplendor e decadencia do galego como lingua lírica peninsular e lingua de cultura

En lingua galega (e portuguesa) cultívase na Idade Media con grande brillantismo a poesía lírica; é a época de esplendor da escola trobadoresca, que dá lugar ás cantigas de amigo, de amor e de escarnio e *maldizer*, conservadas desde os primordios do século XIII¹. A identidade lingüístico-cultural que reflecten as cantigas trobadorescas galegas e portuguesas (galego-portuguesas), pola cal non achamos máis diferenzas entre os textos dun trobador de Lisboa e outro de Compostela que as derivadas do propio estilo persoal do autor, debe ser posta

1 Na mesma altura documéntanse os primeiros textos en prosa tabeliónica, embora sexan un pouco posteriores aos líricos. Desde a segunda metade do século XIII o galego comeza igualmente a ser utilizado na prosa literaria de carácter narrativo. Durante os séculos XIII e XIV podemos falar dunha prosa común galego-portuguesa, mais desde a batalla de Aljubarrota (1385) Portugal vai seguir unha vía de clara afirmación nacional reflectida na prosa, afastándose así da prosa galega.

en estreita relación con esa identidade política 'galega' dos reinos da Galiza e de Portugal, resaltada tamén por Castelao (1961: 346).

Tal identidade evidénciase ao comprobarmos que moitos dos altos cargos do goberno portugués mantidos por Afonso Henriques eran nobres con posesións e raíces familiares ao norte do Miño, o que leva o historiador portugués José Mattoso (1992: 180) a afirmar que "as relacións familiares entre os nobres dos dous lados da fronteira, e as fáceis oscilacións dos señores entre os dous reinos, mostran una perfeita ósmose entre as nobrezas galega e portuguesa, senão una verdadeira identidade". As fronteiras non estaban aínda consolidadas no século XII, a se produciren constantes invasións dos reis de Portugal ao norte do Miño e influíndo os reis galegos en Portugal, sen que esa rivalidade fronteiriza conxuntural impedise "as intesas trocas culturais entre Portugal e a Galiza de que a poesía trovadoresca é expresión bem conhecida", segundo tamén afirma Mattoso (1992: 187), quen subliña o importante papel da nobreza galega no dominio da cultura cortesá dos séculos XIII e XIV, acrescentando que a nobreza portuguesa "só para o fim do século XIII parece ir emergindo lentamente para una consciéncia da sua diferença em relação com a galega" (Mattoso 1992: 194).

A lingua das cantigas medievais chegou a se converter en lingua lírica de todos os reinos cristiáns da península, coa excepción de Cataluña. Xa é ben coñecida a afirmación do Marqués de Santillana (1398-1458) no seu *Prohemio e carta*, escrito entre 1445 e 1449 (Gómez Moreno 1990: 22), de que todos os trobadores, ben fosen casteláns, andaluzes ou da Estremadura, compuñían as súas cantigas en lingua galega ou portuguesa²; o propio editor do texto comenta esta referencia coas seguintes palabras:

2 A cita textual, e contextualizada, é a seguinte: "E después fallaro(n) esta arte q(ue) mayor se llama e el arte comú(n) —creo— en los Reynos de Gallizia e de Portugal, donde no es de dubdar quel exerciçio destas sçiençias más que en ningunas otras regiones e prouinçias de la España se acostunbró en tanto grado que no(n) ha mucho tie(n)po qualesquier dezidores e trovadores destas partes, agora fuessen castellanos, andaluzes o de la Estremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa; e aun destes es çierto reşçebimos los nonbres del arte, asy com(m)o *maestría mayor e menor, encadenados, lexaprén e manzobre*" (en Gómez Moreno 1990: 60).

El aserto del Marqués de Santillana sobre la prioridad de la lírica gallego-portuguesa y su cultivo en la Península no requiere mayor explicación. El fenómeno estaba demasiado cerca en el tiempo para que don Íñigo y otros muchos lo olvidasen; en esa tradición literaria, nuestro poeta es, además, el último compositor que, según la vieja norma castellana, se sirve del gallego-portugués. (Gómez Moreno 1990: 134)³.

A explicación para este feito haberá que a procurar no poder que anteriormente alcanzara a Gallaecia e no prestixio da súa lingua, que faría que a cultura, nesa altura posta de manifesto a través da lírica, se expresase no idioma cortesán por excelencia. Téñase en conta tamén que Salamanca foi unha universidade instituída polo rei galego Afonso IX (1188-1230) e administrada durante séculos por Compostela, sendo tamén os seus profesores case todos galegos; e que entre finais do XIV e os primordios do XV varias dioceses portuguesas (Lisboa, Évora, Guarda, Lamego e Idanha), alén das de Zamora, Salamanca, Ávila, Ciudad Rodrigo, Coria, Plasencia e Badaxoz, dependían da metrópole de Compostela, realidade que para Camilo Nogueira é ignorada nas olladas oficiais desde os estados español e portugués, acrecentando:

Unha persoa como o historiador Sánchez Albornoz, partindo dunha concepción castelanista da historia peninsular, interrogouse sobre o facto de o galego ser a lingua da cultura na maior parte da península, estrañándose diso dado que, nas súas palabras, 'Galiza nunca fora un imperio'. Non podía aceptar a idea obxectiva de que os reis galegos foron efectivamente os que ostentaron o Imperio galaico con capitais en Compostela e León". (Nogueira 2008: 19).

3 García de Diego (1973: XXVI, nota 1), no entanto, afirma que a "contextura del párrafo prueba que *destas partes* se refiere a *Gallicia e Portugal*, citadas anteriormente, donde poetas de otras regiones, al residir en aquéllas, se incorporaban a la escuela gallega, escribiendo todos en este idioma". Como se pode observar, esta non é a opinión de Gómez Moreno, autor da edición crítica, nin doutros investigadores que a glosaron.

Mais, aínda a nos circunscribirmos aos límites territoriais da Galiza actual, ao norte do Miño, é de resaltar a importancia do elemento galego na escola lírica trobadoresca, como puxo de manifesto o profesor Rodrigues Lapa (1977: 110). No entanto, cara a meados do século XIV a escola lírica galego-portuguesa entra en decadencia, a que tamén non pode ser totalmente allea a evolución da situación política na antiga Gallaecia. A partir do reinado de Fernando III (1230-1252) o reino da Galiza, a conservar sempre o seu propio carácter, viuse integrado na coroa de Castela-Toledo-León, iniciando moito lentamente o camiño da decadencia política e económica, que finalmente tamén acabará por se converter en decadencia cultural. A unión de Castela e León, coa crecente influencia de Toledo como centro da cultura a substituír en parte Santiago de Compostela, vai ir pouco a pouco disolvendo a realidade política galega na coroa de Castela, aínda que isto non se logrou até o século XVI (Pena Graña 1995: 15).

Se a lírica castelá xorde no século XIV “impregnada de galleguismos” (Beltran 2005: 334), a escola lírica galego-castelá, desenvolvida durante a segunda metade do século XIV e a primeira do XV (1350-1450) por autores maioritariamente casteláns, ao tempo que mostra a decadencia artística a respecto do período trobadoresco galego-portugués, deixa transparecer unha lingua híbrida que é “mestura de galego castelanizado ou de castelán galeguizado” (Polín 1994: 16), mais que demostra a sobrevivencia aínda do galego como lingua lírica e de cultura fóra do ámbito territorial do reino da Galiza. Prodúcese, pois, nese período un paulatino deslocamento lingüístico desde o galego para o castelán como idioma da lírica, e por tanto tamén de cultura: os poetas casteláns que usan o galego coñecen este deficientemente e en consecuencia inzan os textos de castelanismos e os que comezan a usar o castelán por primeira vez na lírica botan man de galleguismos por ser esta até aquela altura a lingua lírica por excelencia na península ibérica. Mais esta transferencia do galego para o castelán prodúcese no século XV e non no XIII, como algunha persoa pouco documentada nos quere facer ver.

4. Normalidade lingüística na Galiza da Baixa Idade Media e penetración do castelán

O feito de que a partir da segunda metade do XIV e durante o XV a lírica entre en decadencia e de que se vaian dando as circunstancias político-

culturais que posteriormente han conducir paseniñamente aos séculos escuros non implica que a lingua galega entrase xa en crise naquel período. O idioma galego continuou até o final da Idade Media o seu camiño de normalidade, asumindo aqueles ámbitos de uso que foron comúns ás linguas do seu contorno. É na primeira metade do XIII cando aparecen de forma significativa documentos en galego, a se estender o seu uso na segunda metade e xeneralizándose no século XIV, en que non só se emprega nos documentos particulares, mais tamén nos públicos; no século XV continuará esta situación, aínda que na súa segunda metade o uso do galego se vai ir reducindo aos documentos particulares, onde perdurará durante a primeira metade do século XVI. E isto a pesar de na parte final dese período nos achamos co grave inconveniente de non posuír a Galiza un monarca e unha corte de seu que impulsasen o uso da lingua galega, tal como aconteceu en Portugal ou en Castela. Así nos sintetiza Ramón Lorenzo o proceso de emerxencia e decadencia do galego na prosa documental:

En liñas xerais podemos dicir que o galego emerxe como lingua escrita a mediados do século XIII e que vai desaparecendo en beneficio do castelán nas primeiras décadas do XVI. Deixando fóra a poesía e a prosa literaria, se estudiámo-la documentación de que dispomos, vemos que na primeira metade do século XIII domina totalmente o uso do latín na lingua dos documentos e que nos últimos anos do reinado de Fernando III (1230-1252) se está xestando o paso para o galego na escrita, feito que se produce definitivamente no reinado de Afonso X (1252-1284). Unha vez implantado o galego, en toda a Idade Media a maior parte dos documentos redactados en Galicia aparecen escritos nesta lingua e só nas últimas décadas do XV notamos a progresiva presenza do castelán, que vai substituindo paulatinamente á lingua autóctona ata eliminala como lingua de cultura na primeira metade do século XVI. (Lorenzo 2004: 27).

Subliña este mesmo autor a influencia negativa para o futuro do galego que tivo a separación de Portugal e a progresiva dependencia de Castela, que vai impedir o seu pleno desenvolvemento, “mediatizado agora pola lingua do país ó que está sometido” (Lorenzo 2004: 29). Por falta de independencia política da Galiza, o castelán vai ir incrementando a súa presenza pola chegada de autoridades políticas, xudiciais ou eclesiásticas, que non precisan “rebaixarse

a escribir na lingua dos sometidos”, o mesmo que as persoas do seu séquito particular (Lorenzo 2004: 30). Con todo, para este estudioso “o galego foi a lingua dominante na escrita en toda a Idade Media” e, como contrapartida á escaseza da produción literaria en prosa, existen “miles de documentos escritos en galego entre os séculos XIII e XVI”, lamentándose de que moitos estivesen aínda inéditos (Lorenzo 2004: 31)⁴. Xa con anterioridade constatará Monteagudo que a documentación de carácter privado é “practicamente unánime” no uso do galego durante os séculos XIV e XV, que os poucos documentos que aparecen en castelán nos séculos XIII e XIV proceden sen excepción da Chancelaría Real e que os orixinais da Galiza son “practicamente unilingües” en galego no século XIV. Aínda na segunda metade do XV, cando comeza a aparecer o castelán en documentos non emanados directamente da Chancelaría Real, a súa presenza é mínima con relación ao galego, pois contabiliza no corpus manexado cinco na lingua de Castela, face aos 1029 no idioma da Galiza, o que o leva a afirmar que “a documentación privada, que foi por onde o galego comezou o seu uso instrumental, constitúe un baluarte ben firme e seguro ata o S. XVI” (Monteagudo 1985: 95). Tamén Gutiérrez & Cabana (2007: 156) verifican “a ligazón dos actos particulares (e, en menor medida, da documentación de carácter xudicial) coa primitiva produción en romance, especialmente nos tipos textuais relacionados coa xestión do patrimonio inmobiliario e do capital”, a comezar polo aforamento e seguindo coa compravenda, a doazón e a permuta.

Alén da utilización do galego en todo o tipo de documentación privada, tamén foi empregado polos organismos civís libremente conformados polos cidadáns, principalmente concellos e gremios, así como pola Igrexa nas catedrais, conventos, mosteiros etc. A documentación dos concellos da Coruña, Santiago, Ourense, Betanzos ou A Pobra do Deán estaba redixida practicamente toda ela en galego durante os séculos XIV e XV, a se manter ocasionalmente nesta lingua aínda durante o XVI. Como exemplo, o libro de actas do Concello de

⁴ Souto Cabo (2008) acaba de editar 384 escrituras de carácter notarial datadas entre 1139 e 1270, das cales 26 son documentos latino-romances, 346 galego-portugueses (247 feitos na Galiza e o resto en Portugal) e 12 son documentos galaico-leoneses. Este traballo constitúe un importante contributo para o coñecemento da documentación medieval e para a datación dos primeiros textos, que se adianta á segunda metade do século XII. Sobre a emerxencia do galego escrito véxase tamén Monteagudo (2007 e 2008), Lorenzo (2004) e Gutiérrez Pichel & Cabada Outeiro (2007).

Santiago no período de 1416-1422 contén 326 documentos, 308 en galego e só 18 en castelán, embora a maior parte destes con encabezamento e colofón realizados en galego polo propio Concello e con procedencia da Chancelaría Real ou de autoridades non galegas, o que vén a demostrar a normalidade e 'oficialidade' do noso idioma naquela altura. Tamén se constata que a Igrexa comeza a facer uso público do galego nos primordios do XIV e a xeneralizalo durante a segunda metade deste tanto en asuntos internos como na relación con outras institucións ou con particulares. A pesar da forte presenza do latín na súa vida interna, rexístrase o uso do galego en numerosas actas dos Sínodos das dioceses de Mondoñedo, Ourense ou Santiago durante os séculos XIV e XV, a se regularen tamén en galego as cuestións e actos de culto.

No *Livro do Concello* de Pontevedra, cuxo manuscrito orixinal recolle documentos que van desde xaneiro de 1437 até decembro de 1463, embora Rodríguez González (1989) acrecente outros documentos de decembro de 1431 a maio de 1432, a pesar do dominio do galego nos documentos, xa comeza a aparecer o hibridismo lingüístico, con textos que usan alternativamente ou mesturan as dúas linguas e tamén con documentos integramente en castelán, especialmente os outorgados polos arcebispos composteláns Lope de Mendoza e Rodrigo de Luna, exercentes precisamente no período correspondente á redacción desta documentación e axentes activos da castelanización, como sinala Ramón Lorenzo (2004: 90) ao afirmar que os "arcebispos estranxeiros de Santiago Lope de Mendoza (1400-1445) e Rodrigo de Luna (1449-1460) contribuíron poderosamente á propagación do castelán, coa pequena interrupción que representou o galego Álvaro de Isorna (1445-1449), e o mesmo fixeron con máis forza e de maneira definitiva os seus sucesores, os tres Afonso de Fonseca, igual cós bispos que chegaron de fóra a outras dioceses". Con efecto, isto vese confirmado na documentación do Concello de Pontevedra e pon en evidencia, máis unha vez, a estreita relación entre lingua e poder, neste caso eclesiástico mais tamén político.

En xeral, pódese afirmar que o galego foi a lingua normal e 'oficial' entre os habitantes do país durante a Baixa Idade Media, como afirmou tamén Ferro Couselo (1958: 251): "O galego entón é a fala dos vasalos e dos señores, dos cregos e dos labregos, e óucese o mesmo nos concellos que nas eirexas, misturado co latín nas prédicas e cerimoniais". O galego funcionou, por tanto, desde o século XIII até finais do XV como lingua 'oficial' entre os propios galegos e galegas,

independentemente de que desde a segunda metade do século XIV unha ínfima minoría de xente estranxeira, aínda que detentadora do poder, usase o castelán; e, reiterando o xa dito, entendemos por oficial naquela altura o mesmo que hoxe se entende por unha lingua oficial: aquela en que se expresan todas as capas sociais, incluídas as máis altas, aquela en que se redixen os documentos públicos e privados (actas de nacemento, de matrimonio ou de defunción, documentos de compravenda ou de aluguer etc.), aquela que as persoas crentes utilizan en privado e en público nos seus rezos etc. En fin, todos aqueles usos e funcións que na época medieval se realizaban con normalidade en galego por parte de toda a xente e que na Galiza actual aínda constitúen unha excepción de carácter individual ou de grupo.

5. A perda da normalidade lingüística na Galiza

Na obrigada relación da Galiza cos monarcas da coroa de Castela utilízase primeiramente o latín, mais xa en 1250 o rei Fernando III se dirixe por escrito aos composteláns en castelán; en 1252 estes últimos aínda se dirixen ao rei en latín. Afonso X consagra definitivamente o uso do castelán como lingua escrita 'oficial' da súa corte, utilizando en exclusiva esta lingua na súa relación con Santiago⁵. Os reis sucesivos consolidan o castelán como lingua para todos os usos dos seus reinos, inclusive para as relacións coa Igrexa. Na segunda metade do século XIV, como consecuencia da derrota de Pedro I, apoiado pola nobreza galega, face ao seu irmán Henrique II de Trastámara, vai entrar na Galiza unha aristocracia castelá acompañada da súa correspondente corte, traendo tamén consigo un idioma alleo, o castelán, que até entón só se fixera notar aquí neses contados escritos enviados desde a corte de Castela a partir do reinado de Fernando III e que agora o poder foráneo irá impondo. As negativas consecuencias para o futuro do galego desta penetración do castelán veranse incrementadas coa vitoria, en finais do século XV, de Isabel a Católica na loita polo trono de Castela, en contra tamén da causa apoiada pola nobreza galega, e co posterior reinado dos Reis Católicos, inspiradores do brutal castigo inflixido a Galiza. Esta, de dominadora e hexemónica, vai pasar agora a dominada e colonizada por Castela, feito tamén favorecido polo debilitamento xeral da sociedade galega como consecuencia das

5 Porén, segundo afirma Elena Rivas (2007: 244), "as exaltacións nacionalistas e as conseguíntes conexións conceptuais entre *lingua* e *Imperio* tardarían máis de dous séculos en chegar".

revoltas sociais que enfrontaron as clases populares con sectores da nobreza ou estes entre si nas guerras irmandiñas; a derrota dos irmandiños significou sobre todo “o fracaso político da burguesía galega, por canto aí se truncaron as súas posibilidades de acceder á dirección do país” (López Carreira 1997: 198). Esta carencia dunha burguesía propia enraizada na cultura e na lingua da Galiza será nos séculos posteriores un factor determinante para nos explicarmos o desprestixio e a perda de funcións do noso idioma.

Baixo o reinado dos Reis Católicos vaise consumir a imposición definitiva do castelán, símbolo dunha verdadeira opresión nacional que o reino de Castela perpetra contra o reino da Galiza. A partir de 1480 os escribáns públicos galegos han de ser examinados polo “Real Consejo” en Toledo, a mudaren así os seus formularios galegos polos casteláns, feito que Ferro Couselo (1958) considera determinante para a desaparición do galego da escrita e que tacitamente vén a supor a supresión do carácter ‘oficial’ de que até entón na práctica gozaba o galego, sen necesidade dunha prohibición explícita do seu uso público.

En fin, a Galiza enfrenta o final da Idade Media e o paso do reinado dos Reis Católicos ao dos Austrias convertida nunha provincia case tan remota como as ultramarinas. En canto boa parte da nobreza galega ten de loitar ao servizo dos reis de Castela tanto na península como fóra dela, a Galiza é gobernada por xente forasteira, sendo vítima periódica da fame e das pestes, coa súa población castigada ademais pola leva de soldados, a emigración e os saqueos dos piratas nas súas costas; durante o reinado dos Austrias a Galiza vai andar ao ritmo que lle marquen intereses alleos, encerrada en si propia e sen poder desenvolver a súa personalidade política nin cultural (Vázquez Cuesta 1980: 706).

Non hai nesta altura unha norma que impoña o castelán ou que prohiba o galego, mais si unha imposición do castelán pola vía dos feitos. Para o xurisconsulto aragonés Micer Gonzalo García de Santa María, ao ter Castela o poder político, deberá impor tamén a súa lingua aos territorios dominados; e por conseguinte, o galego tería de ser unha das “groseras y ásperas lenguas” a substituír polo castelán. Como di Pensado (1982: 86-87), case en finais do século XV tal autor “ya olisqueó antes que Nebrija el contubernio de lengua e imperio”, sen que transcorrese moito tempo “para que se cambie de perspectiva en la valoración del gallego, para que se rompa el encanto de la ficción de lengua poética y aparezca la realidad de una lengua grosera y áspera”.

Segundo observa Lorenzo (2004: 90), no século XV prodúcese un avance importante do castelán, pois alén das autoridades foráneas, tamén comeza a ser utilizado por “moitos galegos ilustrados de condición inferior”, que “se van instalando no castelán con menosprezo da lingua que falaban ou que falaban nun principio”, feito para o que contribuíron os arcebispos estranxeiros de Santiago. Con todo, tamén constata este autor que “durante a prelatura dos arcebispos e bispos estranxeiros, os cabidos e cóngos galegos seguiron utilizando o galego ata bastante avanzado o século XV”. Para el o avance definitivo do castelán prodúcese a partir do ano 1500 e leva consigo “a castelanización paulatina de nomes, apelidos e topónimos”, producida en principio polos que mandan cartas en castelán desde fóra da Galiza e máis tarde polos propios galegos, aparecendo casos como ‘Lamaluenga’, ‘Puerto Marín’, ‘Redondiela’ ou ‘Veguendo’ (Lorenzo 2004: 107). Segundo este autor, transparece agora na documentación un hibridismo lingüístico que recorda o que acontecera no século XIII coas interferencias entre o latín e o romance emerxente:

En textos do XV e comezos do XVI podemos atopar toda clase de combinacións, algunhas delas coñecidas xa de maneira esporádica no XIII ou no XIV. Hai notarios e escribas que aínda dominan ben a lingua e escriben nun galego bastante correcto, pero outros teñen dificultades. Así, por unha banda, cada vez con maior frecuencia, achámo-la presenza de castelanismos nos textos galegos, porque os escribas coñecen, máis ou menos, o castelán e introducen de cando en vez algunhas palabras ou frases nesta lingua nos seus textos ou porque se trata de documentos non orixinais, transmitidos por copias feitas nunha época en que xa dominaba o uso do castelán na escrita. Por outra, hai escribas e notarios que se queren instalar no castelán e se esforzan por utilizalo, sen chegaren a dominalo, razón pola cal aparecen nos seus textos palabras e frases en galego. Ademais, chega a darse o caso de que algúns escribas e notarios non son capaces de separa-las dúas linguas e o resultado é a existencia moi frecuente de documentos que presentan unha forma híbrida, coa mestura dos dous idiomas. Outras veces a combinación realízase poñendo unha parte do documento en galego e a outra en castelán. (Lorenzo 2004: 108).

O pobo galego no seu conxunto continuará a desenvolver a súa vida en galego, nunha situación de monolingüismo case absoluto, até o século XVI, en

que a colonización política a que o país estaba sometido por parte de Castela comeza a dar os primeiros froitos significativos tamén no que respecta á escrita do idioma, terminando así un longo período de 700 anos de normalidade lingüística. A posterior perda da normalidade afecta o galego(portugués) da Galiza, mais non o (galego)portugués de Portugal, cando menos na mesma medida, aínda que non fica libre da presión do castelán, como a seguir se verá. Vai ser a partir de finais do período medieval cando as naturais diferenzas lingüísticas de aquí e alén Miño se vaian agrandando e, en canto a literatura na lingua propia practicamente desaparece en territorio galego ao mesmo tempo que decrece considerabelmente o seu uso na escrita documental, en Portugal mantén a liña de continuidade e produce obras de valor universal. Tanto nese país como en Castela, unha Galiza isolada, dominada, empobrecida e abandonada á súa sorte será obxecto de burlas e menosprezo, e con ela o seu idioma propio.

6. A penetración do castelán en Portugal desde finais da Idade Media

Se no caso da Galiza a relación entre lingua e poder político fica patente, tamén Portugal nos ofrece algún dato interesante a este respecto. Temos dito e repetido que o galego vai entrar en crise após o período medieval, por exemplo, en Pontevedra, mais non en Braga, onde, baixo a denominación de *portugués*, se continuará a cultivar oralmente e por escrito con total normalidade (Freixeiro 2002: 28, 64). Porén, convén matizarmos un pouco esta afirmación, inclusive con relación á última parte da Baixa Idade Media. Fica claro que o galego-portugués en Portugal non vai ver interrompido o seu camiño de normalidade na mesma medida que na Galiza, mais tamén o castelán vai penetrar nos seus dominios e lle vai restar algúns usos.

Seguindo un estudo de García Martín (2008) sobre o uso do castelán como lingua literaria en Portugal, o período de bilingüismo luso-castelán non se debe restrinxir aos séculos XVI e XVII, pois ao XV pertence a obra en castelán do Condestábel D. Pedro de Portugal (1429-1466) e o *Cancioneiro Geral* de García de Resende (1516), que recolle a produción poética portuguesa da segunda metade do século XV, ten unha significativa presenza da lingua castelá na sétima parte das composicións. No século XV utilizarían o castelán arredor duns 30 escritores portugueses, en canto no XVI serían 170, no XVII 244 e no XVIII 32, correspondendo o pico máis alto ao período de monarquía dual (1580-1640).

Mais non se pode afirmar que exista “un vínculo unívoco” entre a utilización do castelán e a adhesión política ao dominio filipino nin que a Restauración supoña o final do período bilingüe, pois após ela aínda hai 68 autores portugueses que escriben en castelán, entre os que está o propio monarca restaurador D. João IV, que redixe a súa *Defensa de la música moderna* nesa lingua. Após 1640 persiste, pois, o uso do castelán en círculos letrados, como se reflicte nas antoloxías poéticas barrocas portuguesas: se no *Cancioneiro Geral* estaban en castelán o 14% das composicións, na *Fénix Renascida* a proporción sobe ao 40%. Non se pode dar por finalizado o bilingüismo até xa avanzado o século XVIII, cando a influencia española en Portugal comeza a ser substituída pola francesa (García Martín 2008: 20-21).

No entanto, a penetración e arraigo do castelán no país veciño non parece limitarse ao ámbito literario nin tan sequera ao cortesán ou político, embora achase na corte portuguesa un espazo privilexiado, no cal xa gozaba de prestixio desde época temperá, posibelmente a partir do exilio dunha parte da nobreza en Castela após a batalla de Aljubarrota (1385) e favorecido tamén pola política matrimonial seguida polas familias reais portuguesa e castelá. O bilingüismo luso-castelán alcanzou tamén as elites eruditas urbanas, como demostra o feito de existir en Portugal nos séculos XVI, XVII e XVIII un apreciable mercado para a circulación de textos en lingua castelá (no primeiro destes séculos imprímense nesta lingua arredor do 15% das obras), o cal parece demostrar a “existencia de una clase media que leía asiduamente en castellano” (García Martín 2008: 23), e como tamén parece demostrar o feito de que houbera cerca de 10.000 estudantes portugueses matriculados na Universidade de Salamanca no período da monarquía dual, sobre un 13% do total (Buescu 2000: 57), chegando esta en certos momentos a acoller un terzo dos universitarios portugueses, segundo Marcos de Dios (2008: 57), quen considera que a “universidad de Salamanca, la unión de ambos reinos, el poder político (y lingüístico) de España en Europa, los judíos peninsulares..., contribuyeron de manera decisiva al conocimiento de la cultura española en Portugal y al uso de su lengua”. Tamén as clases populares parece que non resultaron inmunes á penetración do castelán, nomeadamente pola propagación lingüística levada a cabo entre o pobo baixo a través de certos xéneros de literatura oral, en especial o teatro, que exercería sobre el unha forte presión ideolóxica e lingüística castelanizante. Así pois, o pobo tampouco foi alleo á onda castelanizadora antes e durante a época de dominación política:

A vitalidade da presenza do castelheiro não se esgota, no entanto, nos círculos da cultura erudita que têm na corte o seu pólo irradiador, tornando-se sensível em outros níveis da sociedade. A literatura de cordel e os romances, as canções e os provérbios castelhanos circulavam nas ruas de Lisboa, e a sua presença nas vivências de um quotidiano urbano reflectem-se mesmo na produção literária de autores como Gil Vicente, Chiado e António Prestes. Mais foi o teatro, sem dúvida, o veículo mais importante para a difusão do castelheiro junto das camadas populares, principalmente urbanas. Mais tarde, já durante a monarquia dual, este ascendente acentua-se, manifestando-se no êxito que o teatro castelheiro alcançava não só em Lisboa como na província, conduzindo à progressiva decadência dos autores portugueses de matriz vicentina e da generalidade da produção teatral portuguesa. (Buescu 2000: 55-56).

Como os circuitos regulares de exhibición estaban nas mans das compañías de comedias españolas, o uso do castelán no teatro da época filipina resultaba difícil de evitar, chegándose á situación absurda de os dramaturgos portugueses teren de escribir as súas pezas en castelán para se veren representados no propio Portugal. De todo isto conclúe García Martín (2008: 25) que a convivencia co castelán parece ter afectado toda a sociedade portuguesa, pola vía escrita no caso da maioría da población culta urbana e pola vía oral no caso das clases populares, en canto a corte portuguesa se mantivo durante séculos como foco bilingüe, utilizando o castelán con función instrumental e como “estereotipo positivo asociado a la cultura castellana que pervive en Portugal durante tres siglos, hasta que el papel de liderazgo cultural venga a ser asumido por la cultura francesa”.

No ámbito literario a presenza do castelán é de tal magnitude en Portugal que autores como Ivo de Castro (2002: 12) ou Ana Isabel Buescu (2004: 15) consideran que durante uns tres séculos foi unha das linguas de expresión da literatura portuguesa. A súa presenza no teatro quíñentista portugués mesmo funciona como recurso literario con que o autor podía contar presupondo a competencia lingüística do público. Embora a xustificación para o uso do castelán fose un desexo de maior transcendencia da obra publicada, isto podía ter algunha validade no caso de traballos científicos ou políticos, mais non literarios, pois a maior parte dos autores castelanizantes escribían para un público portugués.

Para García Martín (2008: 27) a razón parece ser un maior prestixio asociado ao tratamento dalgúns xéneros en lingua castelá aínda tendo como destinatarios lectores portugueses, derivando esta situación “en una caracterización diglósica que pervivió mucho tiempo en la Cultura Lingüística portuguesa” e que puido ter impedido o desenvolvemento autónomo dalgúns xéneros literarios en Portugal.

7. Semellanzas, diferenzas e consecuencias da castelanización de Portugal e da Galiza

A lingua de Castela penetrou, por conseguinte, tanto en Portugal como na Galiza na Baixa Idade Media, mais con grao e cronoloxías diferentes; e tamén con consecuencias sociolingüísticas moito diverxentes. No caso portugués, face a críticos como Menéndez Pelayo ou Luciana Stegagno Picchio que xulgan positivo o uso do castelán na literatura portuguesa, Vázquez Cuesta (1981: 816) considera que o bilingüismo é un indicio de colonización cultural, non de vitalidade, que converte a literatura portuguesa da época en “diminuída e mutilada, e vai demorar varios séculos a recompor-se do trauma”, interpretación que se aproxima da dominante na crítica portuguesa. Mais, de todas as formas, Portugal tivo unha literatura destacada na lingua propia durante os séculos XVI, XVII e XVIII, con figuras relevantes e obras de recoñecido prestixio, en canto a literatura galega vai desaparecer durante eses séculos, coñecidos por iso como “séculos escuros”, e cando reaparece no século XIX xa o vai facer nunha posición subsidiaria a respecto da que é na altura única lingua oficial no seu territorio, isto é, o castelán.

Como xa acontecera no caso da Galiza, o castelán empregado polos portugueses nas súas obras está inzado de lusismos e incorreccións, algunhas como consecuencia de falsas analoxías e hipercharacterizacións (*tormiento*, por exemplo), especialmente frecuentes nos séculos XV e XVI e menos intensas nos dous séculos posteriores, onde os autores se mostran capaces de escribiren nun castelán considerabelmente depurado de lusismos, o que para Castro (2002: 16) indicaría que o bilingüismo en Portugal no XVII e XVIII era xa unha evidencia. Con todo, para García Martín (2008: 30) non chegou a tomar carta de natureza un ‘castelán de Portugal’ nin se produciu unha lingua mixta que supuxese unha auténtica mestura de códigos; quere dicir, non houbo propiamente hibridismo lingüístico, pois os exemplos literarios dun rexistro híbrido (‘portuñol’) son máis

tardíos e xorden vinculados á literatura de expresión das identidades raianas tanto en Europa como en América.

No caso galego o fenómeno da interferencia avanzou máis e chegou ao 'castrapo' —galego fortemente castelanizado, mestura de galego e castelán— como variante hoxe dominante na oralidade. En canto o 'portuñol' é unha "recreación literaria máis que reflejo fiel de la oralidad de las zonas fronterizas" (Fernández García 2006: 560), o castrapo é unha clara realidade. Aliás, igual que se fala en Portugal dunha funcionalidade identitaria étnico-grupal atribuíbel á presenza de lusismos e de hipercorreccións nos textos casteláns escritos por portugueses, tamén isto se patentiza na Galiza en casos de autores en castelán dos séculos XIX e XX, como Emilia Pardo Bazán, Valle-Inclán, Torrente Ballester ou Camilo José Cela. Alén disto, en Portugal o contacto de linguas intenso durou desde finais do XV até ben avanzado o XVIII (García Martín 2008: 31), mais na Galiza alcanza unha intensidade significativa no XV e increméntase progresivamente até a actualidade. Aínda así, a influencia da lingua castelá sobre a portuguesa tivo de ser tamén grande, embora non se prestase tanta atención aos castelanismos en portugués como en galego.

Convén tamén pormos en relación o fenómeno do bilingüismo luso-castelán co contexto peninsular e europeo en que se produce, como demanda Castro (2002: 22-23). No mesmo período o castelán esténdese en todas as direccións dentro da península, ocupando tamén os espazos naturais das linguas galega, catalá e vasca e a pór en perigo mesmo a sobrevivencia destas entre importantes capas da población; porén, o portugués nunca se chegou a ver realmente ameazado como lingua falada. No mesmo sentido, en Europa producíronse igualmente fenómenos de diglosia e de bilingüismo neste período e noutros: o propio castelán foi practicado, estudado e escrito nos Países Baixos ao longo de 150 anos; en Inglaterra o francés converteuse en lingua preferida polas clases altas durante os séculos XIII, XIV e XV.

Por outra parte, no ámbito hispánico tense comparado o bilingüismo luso-castelán co emprego da lingua galego-portuguesa polos líricos casteláns da Idade Media; porén, coincide García Martín (2008: 32) con Vázquez Cuesta (1981: 807) en que ambos os fenómenos son asimétricos, pois en canto o emprego do galego-portugués nas cortes castelás medievais non representaría ningún perigo para a lingua castelá por se tratar dun divertimento sen significado e repercusións

sociopolíticas, a penetración desta en Portugal provocou un auténtico conflito lingüístico e ameazou con malograr a aínda inmadura literatura portuguesa, deixando pegadas indelébeis nalgún xénero. No entanto, tamén non se debe esquecer, como xa se viu, que o galego(-portugués) foi durante séculos a lingua cortesá de León e Castela, alén de lingua da lírica, e que só o discorrer dos acontecementos políticos peninsulares frustou a posibilidade de se converter no romance propio dos reinos cristiáns occidentais:

A lingua galaico-portuguesa, convertida máis tarde no idioma portugués, na lingua nacional de Portugal, puido ter sido tamén a lingua común aos outros pobos hispánicos do occidente da península que se agruparon arredor de León. Nos primeiros séculos da Reconquista foi o galaico-portugués a lingua culta do reino de León. Soio coa ascensión política de Castela, que someteu ao seu influxo ao reino leonés, comezou a declinar a influencia de Galicia e con ela da súa lingua. (González López 1978: 185).

Camilo Nogueira (2001: 21) critica neste sentido que Sánchez Albornoz pretendese dar por sentado que, de se non producir a independencia portuguesa, unha entidade política única na península ía ter como lingua oficial o castelán, “sen ter en conta que no momento da separación de Portugal a lingua dominante no espazo centro-occidental peninsular era con evidencia o galego e non o incipiente castelán”. Con todo, fica claro que á altura de finais da Idade Media e séculos inmediatamente posteriores a penetración e funcionalidade do castelán en Portugal —aínda máis na Galiza— ten unha dimensión diferente da que puidese ter o galego-portugués en Castela.

Outra cuestión que convén termos en consideración, embora sexa tanxencialmente, é a proximidade lingüística entre estes romances peninsulares e a rivalidade entre eles; deixando de lado a tese de Roger Wright sobre a existencia de unha única lingua escrita na Alta Idade Media, criticada por Ramón Lorenzo (2004: 32), é evidente que portugués e castelán estaban máis próximos en finais do período medieval do que na actualidade —o galego contemporáneo sería outro tema diferente— e non faltan testemuños da época que os consideran como variantes dunha mesma lingua e inclusive de o castelán constituír o rexistro

elevado ou culto do portugués falado e o ‘evil twin’ de que debía diferenciarse para reivindicar a súa existencia propia (García Martín 2008: 34). Neste sentido, o británico James Howel integra na súa *Spanish Grammar*, de 1662, un opúsculo intitulado “Of the Portugues language or subdialect” en que afirma o carácter subsidiario do portugués a respecto do castelán desde a perspectiva histórica, a distribución funcional diglósica entre as dúas linguas no Portugal do século XVII e a representación negativa da lingua propia entre os portugueses e tamén entre os españois, deixando así constancia da percepción da superioridade do idioma castelán sobre o lusitano tanto no dominio sociopolítico como no cultural debido á utilización máis prestixiada do primeiro no propio territorio portugués, como indica Duarte (2009: 219), quen finaliza o seu contributo sobre o texto de Howel a subliñar o seu valor documental como “suporte da teoría que, durante os séculos XVII e XVIII, circulou acerca do Português como dialecto do Castelhana”⁶.

Na Galiza aínda no século XVIII o Padre Feijoo (cf. Verdelho 2000) reivindicaba que o galego era a mesma lingua que o portugués e non unha forma corrupta do castelán, introducindo así a discusión sobre o papel do galego na disputa entre o castelán e o portugués; a súa defensa do galego en detrimento do portugués no tomo primeiro do *Theatro crítico* provocou a inmediata réplica do diplomata portugués Martinho de Mendonça, que so o pseudónimo de Ernesto Frayer sac en defensa da lingua de Portugal (Freixeiro 2006: 42-44), a continuar desa forma unha liña apoloxética xa presente nos gramáticos quíñentistas portugueses e que debe ser vista como unha forma de resistencia e afirmación do portugués face ao castelán.

6 Resulta curioso o paralelismo que establece Howell entre portugués e escocés a respecto do castelán e inglés: “As *Scotland* is to *England*, so *Portugal* may be sayed to be in relation to *Spain*, in point of Speech. The *Scott* speaks somewhat broader and more gapping: so doth the *Portugues* compared to the *Castilian*”. E un pouco máis adiante, após deixar constancia da maior estima polo castelán en Portugal, establece unha nova comparación co caso de Italia: “Insomuch that as it is a saying in *Italy*, *Lingua Toscana in Lingua Romana*; So there is one among them: *Lingua Castelhana em boca Portuguesa*; The *Spaniard* hath so little esteem of it, That he sayes there is but one good word in all the *Portugues* Tongue, and that is *Saudades*” (en Duarte 2009: 216-217). Fica en claro que a estima non era mutua, isto é, o portugués era máis ben desprezado polos casteláns.

O autor dun dos manuais clásicos sobre lingüística románica, B. E. Vidós, viu con moita clareza a directa vinculación entre lingua e poder político, nomeadamente no caso da península ibérica a propósito das relacións entre galego, portugués e castelán —face ás relacións entre catalán e provenzal— e, con base en criterios políticos, non dubida en cualificar o galego como dialecto español e o portugués como lingua independente:

Por el contrario, el portugués, nacido del gallego-portugués (en la Lusitania septentrional), con la independencia política se ha convertido en una lengua románica, mientras que el gallego (hablado en la antigua provincia de Galicia en el extremo noroeste de España) sin independencia política ha quedado como un dialecto español, a pesar de que en su fase más antigua el gallego formase una unidad con el portugués y que la lengua de los trovadores galicianos que se encontraban también en la corte de los reyes portugueses casi no se distinguiese del portugués de entonces (pp. 305 y sig.). Si Portugal no hubiese conservado su independencia política y hubiese formado parte de la monarquía española no solo en un breve período, entre 1580 y 1640, sino también después, el portugués, a pesar de su literatura original y de la poesía independiente gallego-portuguesa, sería hoy, como el gallego, un dialecto español fuertemente hispanizado, y no una lengua románica independiente. Así pues, en el caso del portugués y del gallego el criterio político puede ser determinante, mientras que en el caso del provenzal y del catalán no lo es, para saber si se trata de una lengua o de un dialecto. (Vidós 1973: 274).

Parece dar por boa este autor a xa manida afirmación de unha lingua ser un dialecto con metralletas (ou con exército) e en consecuencia cualifica o galego desa forma por a Galiza non posuír independencia política. Porén, non chega á mesma conclusión noutros casos similares, pois para el o sardo é unha lingua sen independencia política, literaria nin cultural; o galego, por seu turno, posúe hoxe independencia literaria e cando menos ampla autonomía cultural e certa autonomía política. En todo o caso, ben podería cualificar o galego como dialecto do portugués por ambos seren unha mesma lingua no período medieval e hoxe o segundo ser a lingua dun estado independente, aínda que desde unha perspectiva histórica máis ben é o portugués un dialecto do galego por ser

resultado da prolongación deste pola faixa atlántica peninsular na época medieval. Mais a pertenza da Galiza ao Estado español, coas consecuentes interferencias lingüísticas, parece ser un criterio determinante para este estudioso, embora as circunstancias políticas, culturais e lingüísticas da Galiza actual sexan bastante diferentes das da época en que Vidós escribiu a súa obra. Ora, do que non hai dúbida é da influencia do poder político na situación lingüística que se vive, e se viviu, na Galiza.

8. Conclusión

En canto a Galiza foi reino independente, o galego desenvolveuse en condicións de plena normalidade con relación ao resto das linguas romances, alcanzando mesmo notoriedade como lingua lírica peninsular e lingua de cultura. Foi a subordinación política do reino da Galiza á coroa de Castela a que provocou a lenta e progresiva perda desa normalidade. Portugal, por súa vez, nace dunha división da Gallaecia e por tanto herda o galego como lingua propia. Ao se converter nun estado independente, puido manter a súa normalidade lingüística até que unha temporal dependencia de Castela tamén a puxo en cuestión transitoriamente; a recuperación da súa independencia política foi a que lle garantiu a preservación da lingua propia nunha situación de normalidade.

O castelán penetrou en finais da Idade Media na Galiza e tamén en Portugal, onde se converteu en lingua de prestixio nomeadamente na época de dominio político de Castela durante a monarquía dual. Como afirma García Martín (2008: 36), a restauración da monarquía portuguesa supuxo “el inicio del fin de un fenómeno, el bilingüismo luso-castellano que, de haberse prolongado durante más tiempo o de no recuperar Portugal su autonomía política [...] habría derivado en un monolingüismo castellano”. A Galiza non é que tivese unha monarquía dual, ficou directamente baixo a monarquía castelá a partir de 1230 e por iso cada vez se aproxima máis dese uso monolingüe do castelán que, con todo, aínda está felizmente lonxe de se consumir, embora a cada paso máis próximo. Tería Portugal resistido tanto de continuar desde 1580 baixo o poder de Castela? Resistirá moito máis o galego? Pode coadjuvar Portugal neste obxectivo dalgunha forma? E o Brasil, grande potencia emerxente? Os seus 190 millóns de persoas que falan, ao seu modo, galego (Rocha 1999) por utilizaren unha modalidade lingüística que ten as súas orixes no antigo reino da Galiza (Freixeiro

2009), unidos ao seu potencial político, económico e cultural, poden achegarlle ao galego ese 'empoderamento' que aínda hoxe precisa. Mais a importante axuda que puider recibir do Brasil e de Portugal nunca será suficiente se desde a propia Galiza non se apostar decididamente polo galego(-portugués) como principal lingua de identidade, de cohesión social e de futuro.

Referencias bibliográficas

- BELTRAN, V. (2005): *La corte de Babel. Lenguas, poética y política en la España del siglo XIII* (Madrid: Gredos).
- BUENO, F. da Silveira (1958): *A Formação Histórica da Língua Portuguesa* (Rio de Janeiro: Livraria Acadêmica).
- BUESCU, A. I. (2000): "Y la Hespánhola es fácil para todos. O bilingüismo, fenómeno estrutural (séculos XV-XVIII)", en *Memória e Poder. Ensaio de História Cultural (séculos XV-XVIII)*: 51-66, Lisboa.
- BUESCU, A. I. (2004): "Aspectos do bilingüismo portugués-castelhana na época moderna", *Hispania*, LXIV/1, 216: 13-38.
- CASTELAO, [A. D. Rodríguez] (1961): *Sempre en Galiza* (Buenos Aires: Edición "As Burgas").
- CASTRO, I. de (2002): "Sur le bilingüisme littéraire castillan-portugais", en *La littérature d'auteurs portugais en langue castillane*, Arquivos do Centro Cultural Calouste Gulbenkian, XLIV (Lisboa/ Paris: Centro Cultural Calouste Gulbenkian).
- DUARTE, S. (2009): "Of the Portugues language or subdialect" (1662): a consideração do Português como dialecto do Castelhana na obra gramatical de James Howel", *Diacrítica*, 23/1: 209-221.
- FERNÁNDEZ GARCÍA, M. J. (2006): "Portuñol y literatura", *Revista de Estudios Extremeños*, 62/2: 555-577.

- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. (1998): "Lengua e identidade en el tercer milenio", en Gallardo Paúls, B. (ed.), *Temas de lingüística y gramática*: 23-37 (València: Universitat de València).
- FERRO COUSELO, X. (1958): "Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego", en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*: 251-253 (Vigo: Galaxia).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2002) [1997]: *Lingua galega: normalidade e conflito* (Santiago de Compostela: Laivento).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2006): *Lingua, nación e identidade* (Santiago de Compostela: Laivento).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2009): "Consideracións sobre as orixes galegas da lingua do Brasil", en Tato Fontaíña, L. / Tavares Maleval, M. A. (orgs.), *Estudos galego-brasileiros 3. Língua, literatura, identidade*: 217-243 (Rio de Janeiro: De Letras/EdUERJ).
- GARCÍA DE DIEGO, V. (1973): "Prólogo", en Marqués de Santillana, *Canciones y decires*: VII-XXXV (Madrid: Espasa-Calpe).
- GARCÍA MARTÍN, A. M. (2008): "El bilingüismo luso-castellano en Portugal. Estado de la cuestión", en Marcos de Dios, A. (ed.), *Aula bilingüe*. Vol. I. *Investigación y archivo del castellano como lengua literaria en Portugal*, 15-44 (Salamanca: Luso-Española de Ediciones).
- GÓMEZ MORENO, A. (1990): *El Proemio e carta del Marqués de Santillana y la teoría literaria del s. XV* (Barcelona: PPU).
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1978): *Grandeza e decadencia do Reino de Galicia* (Vigo: Galaxia).
- GUTIÉRREZ PICHEL, R. / CABANA OUTEIRO, A. (2007): "Parámetros para o estudo da introdución do romance na documentación notarial galega", en Boullón Agrelo, A. I. (ed.), *Na nosa lingoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*: 129-157 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega).
- LAPA, M. RODRIGUES (1977): *Lições de Literatura Portuguesa* (Coimbra: Coimbra Editora).

- LÓPEZ-AYDILLO, E. (1923): *Los cancioneros gallego-portugueses como fuentes históricas (con un glosario de voces del gallego arcaico)* (New York, Paris: Extrait de la *Revue Hispanique*, tome LVII) (Citado pola ed. facsimilar: Valladolid, Maxtor, 2008).
- LÓPEZ CARREIRA, A. (1997): "Idade Media"; en VV. AA., *Historia Xeral de Galicia*, 93-204 (Vigo: A Nosa Terra).
- LÓPEZ CARREIRA, A. (2005): *O reino medieval de Galicia* (Vigo: A Nosa Terra).
- LORENZO, R. (2004): "Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)", en Álvarez Blanco, R. / Fernández Rei, F. / Santamarina, A. (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela)*, vol. 3: 27-153 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega).
- LORENZO, A. (2008): "A situación sociolingüística do galego: unha lectura", *Grial*, 179: 19-31.
- MARCOS DE DIOS, A. (2008): "Libros y lecturas portuguesas en la España de los siglos XVI y XVII", en Marcos de Dios, A. (ed.), *Aula bilingüe. Vol. I. Investigación y archivo del castellano como lengua literaria en Portugal*: 45-100 (Salamanca: Luso-Española de Ediciones).
- MATTOSO, J. (1992): *Portugal Medieval* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).
- MICHAËLIS DE VASCONCELOS, C. (1904): "A Galliza, centro de cultura peninsular de 800 a 1135. Santiago de Compostella, foco onde desabrochou o lyrismo gallego-português", en *Cancioneiro da Ajuda*. Edição crítica e commentada por..., vol. 2: 769-835 (Halle: Max Niemeyer).
- MONTEAGUDO, H. (1985): "Aspectos sociolingüísticos do galego, castelán e latín na Idade Media en Galicia", *Revista de Administración Galega*, 1: 85-108.

- MONTEAGUDO, H. (2007): "A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental. Unha panorámica histórica", en Boullón Agrelo, A. I. (ed.), *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media: 275-312* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega).
- MONTEAGUDO, H. (2008): *Letras primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- MURADO, M.-A. (2008): *Otra idea de Galicia* (Barcelona: Debate).
- NEBRIJA, A. de (1980): *Gramática de la Lengua Castellana*. Estudio y edición de Antonio Quilis (Madrid: Editora Nacional).
- NINYOLES, R. L. (2005): *Lingua e poder social* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- NOGUEIRA, C. (2001): *A memoria da nación. O reino de Gallaecia* (Vigo: Xerais).
- NOGUEIRA, C. (2008): "A independencia e a universalidade da lingua galega", en Freixeiro Mato, X. R. / Ríos Noia, M. / Filloi López, L., *Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos: 15-30* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña).
- PENA GRAÑA, A. (1995): "O reino de Galicia na Idade Media", *Terra e Tempo*, 1: 5-15.
- PENSADO, J. L. (1982): "La lexicología gallega en el siglo XVIII", en Kremer, D. / Lorenzo, R. (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris: 85-98* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- POLÍN, R. (1994): *A poesía lírica galego-castelá (1350-1450)* (Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela).
- RISCO, S. (1973): *Presencia da lingua galega* (A Coruña: O Castro).

- RIVAS, E. (2007): "As políticas lingüísticas no reino de León-Castela", en Boullón Agrelo, A. I. (ed.), *Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media: 227-244* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega).
- ROCHA, J. C. Barreto (1999): "O Brasil fala a língua galega", *Agália*, 59: 279-290.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. (1989): *Documentos para a historia de Pontevedra medieval. "Livro do Concello de Pontevedra" (1431-1463)*. Transcrición e estudio por... (Pontevedra: Museo Provincial).
- SMITH, C. (1996): "Galicia, todo un reino", en *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta: 735-744* (Santiago de Compostela: Universidade).
- SOUTO CABO, J. A. (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa, Monografía 5 da *Revista Galega de Filoloxía*).
- VÁZQUEZ CUESTA, P. (1980): "Literatura gallega", en Díaz Borque, J. M. (coord.), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas: 621-909* (Madrid: Taurus).
- VÁZQUEZ CUESTA, P. (1981): "O bilinguismo castelhana-português na época de Camões", en AA. VV., *Camões*, Arquivos do Centro Cultural Português, XVI: 807-827 (Paris: Fundação Calouste Gulbenkian).
- VERDELHO, T. (2000): "Uma polémica sobre 'la lengua lusitana, ò gallega', no século XVIII", en Rodríguez, J. L. (org.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. 2: 759-806 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).
- VIDÓS, B. E. (1973): *Manual de Lingüística Románica* (Madrid: Aguilar).